

OCIO & CULTURA

A AELG anima a agasallar cun libro en galego e unha flor no Día de Rosalía de Castro

A asociación organizou para mañá unha lectura
expandida dos textos da poetisa galega en moitas
poboacións

santiago / la voz 23/2/2012

A Asociación de Escritores en Lingua Galega
celebrará mañá, venres, de xeito especial a
conmemoración do aniversario da escritora Rosalía
de Castro.

Por unha banda, a asociación que preside Cesáreo
Sánchez Iglesias animará aos galegos a celebrar o
175.º aniversario do nacemento agasallando cun
libro en galego e cunha flor. A esta iniciativa están
sumadas xa algunhas librerías, como o caso da
Galería Sargadelos, en Ferrol, ou a Librería de Aira
en Allariz.

Ademais, a mesma asociación ten organizado para
mañá unha lectura expandida de textos de Rosalía
en moitas poboacións galegas. Os locais e os
horarios nos que se desenvolverá esta actividade ao
longo do día son en Santiago de Compostela, 18.00
horas. Panteón de Galegos Ilustres; en A Coruña,

18.30, Kiosko Alfonso; Lugo, 10.30, Salón de actos do IES Lucus Augusti; Ourense, 19.00, Liceo de Ourense; Ferrol, 19.00; Galería Sargadelos. Vigo, 19.30, Museo de Arte Contemporánea (Marco); A Rúa, 18.30, Biblioteca pública municipal; Pontevedra, 18.00, Casa das Campás; Monforte, 21.00, Centro de Interpretación do Viño de Monforte de Lemos; Sabarís, Baiona, todo o día No Mercado da Tía Ni. Allariz, Librería Aira das Letras. A participación é libre e a organización ten dispostos textos para ser lidos en cada unha das convocatorias.